

Extracto da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, núm. 510/2019, do 25 de outubro, ditada no recurso de apelación núm. 4133/2018

CUARTO: Sobre a promoción dun expediente de legalización.

En canto á pendencia dun procedemento de legalización, debemos confirmar a conclusión alcanzada pola sentenza de instancia, que lle outorgou o valor de mera expectativa que non suspende a executividade da orde de demolición nin por tanto desapodera á Administración da súa potestade de acudir aos medios de execución forzosa.

Non nos corresponde avaliar a maior ou menor prosperabilidade da devandita solicitude de legalización, nin realizar ningún xuízo indiciario sobre o seu futuro resultado, senón tan só constatar que a orde de demolición, baseada no carácter ilegalizable das obras, data do ano 2008, é firme e executiva, foi confirmada por sentenza firme, e ningunha causa concorre para privala de executividade, non tendo ese valor a solicitude de legalización invocada. Transcorreu un dilatado período de tempo sen que se procedeu ao cumprimento da orde firme de demolición baseada no carácter ilegalizable da obra, e **non é admisible dilatar en maior medida ese período de incumprimento outorgando valor suspensivo a calquera solicitude de legalización que poida presentar o interesado, e que en principio é contraria á resolución firme** e executiva que a Administración ten a potestade de executar forzosamente e o interesado a obrigaón de cumprir.

Admitir ese efecto suspensivo **automático equivalería a deixar en mans do interesado evitar en todo momento a execución dun acto firme mediante a presentación de sucesivos proxectos de legalización**, resultado que convertería ao acto firme nunha mera declaración retórica de intencións e sen forza efectiva de obrigar, o cal é unha conclusión ilóxica que non podemos aceptar, en canto comprometería gravemente o principio de executividade dos actos administrativos que declaran ilegalizables unhas obras e ordenan a súa demolición. No mesmo sentido xa se pronunciaba a sentenza desta Sala e Sección de data 7 de xuño de 2012, nº 587/2012, invocada pola representación procesual da Administración apelada, que á súa vez reiteraba o devandito na sentenza desta Sala e Sección de 07/07/0211 no procedemento ordinario 4442/2009: "é evidente que a execución dun acto administrativo que acorde a demolición dunhas obras non pode demorarse coa simple presentación dunha proposta de legalización, pois pola contra quedaría en mans do interesado evitar esa execución mediante a presentación de sucesivos proxectos de legalización."